UNIVERSIDADE DA CORUÑA

| Guía Docente | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Datos Identificativos | | | | | 2020/21 |
| Asignatura (*) | Bioloxía do desenvolvemento | | | Código | 610G02010 |
| Titulación | | | | | |
| Descriptores | | | | | |
| Ciclo | Período | | Curso | Tipo | Créditos |
| Grao | 2º cuadrimestre | | Cuarto | Optativa | 6 |
| Idioma | CastelánGalego | | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | | |
| Prerrequisitos | | | | | |
| Departamento | Bioloxía | | | | |
| Coordinación | Yañez Sanchez, Julian | | Correo electrónico | julian.yanez@udc.es | |
| Profesorado | Yañez Sanchez, Julian | | Correo electrónico | julian.yanez@udc.es | |
| Web | | | | | |
| Descrición xeral | O desenvolvemento é un proceso fascinante de autoconstrución (e tamén de autorenovación) de todos os organismos pluricelulares a partir da condición unicelular. A materia é optativa do segundo cuadrimestre do 4º curso (8º semestre) na que se integra información e coñecementos previos tratados en cursos anteriores. Trátase do estudo das bases celulares e mecanismos moleculares implicados nos procesos do desenvolvemento ontoxénico dos seres vivos, en especial dos procesos de diferenciación e morfoxénese, facendo especial referencia ao desenvolvemento durante a embrioxénese dos metazoos. | | | | |
| Plan de continxencia | No caso de que as circunstancias limitaran ou impedisen a presencialidade nas dependencias da Facultade, pasaríase a modalidade docente de tipo híbrido ou non presencial respectivamente cos seguintes presupostos<br>1. Modificacións nos contidos<br>Non se prevén modificacións<br>2. Metodoloxías<br>*Metodoloxías docentes que se manteñen<br>Manteranse as metodoloxías previstas<br>*Metodoloxías docentes que se modifican<br>No caso de se precisaren, adecuaranse as sesións prácticas no laboratorio as condicións existentes e, de ser necesario substituiranse por actividades non presenciáis (videos, estudo de casos prácticos, analise e interpretación de datos, imaxes ou procesos,...)<br>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado<br>Manteránse os medios de atención personalizada pero de xeito virtual (correo electrónico, MS Teams,...)<br>4. Modificacións na avaliación<br>De se precisaren, utilizaranse medios telemáticos para a avaliación<br>*Observacións de avaliación:<br>Sen comentarios<br>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía<br>De se precisaren, proporcionaranse os medios ou fontes complementarias de acceso libre | | | | |

| Competencias / Resultados do título | |
|---|---|
| Código | Competencias / Resultados do título |

| Resultados da aprendizaxe | |
|---|---|
| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título |

| | | | |
|---|---|---|---|
| Coñecer os principais fundamentos conceptuáis, procesos e tendencias do desenvovemento ontogénico dos seres vivos. | A1<br>A4<br>A29 | B1<br>B4<br>B8<br>B11 | |
| Estudiar os mecanismos celulares e moleculares que sustentan os procesos do desenvolvemento, e particularmente os implicados na diferenciación e a morfoxénese | A1<br>A4<br>A29 | B4<br>B8<br>B11 | |
| Coñecer e familiarizarse coas metodoloxías procesos experimentáis, instrumentación e términos técnicos, basados no método científico para o estudo da Bioloxía do Desenvolvemento | A26<br>A30<br>A31 | B6<br>B10<br>B13 | |

| Contidos | |
|---|---|
| **Temas** | **Subtemas** |
| I. Conceptos e Procesos do Desenvolvemento desde unha perspectiva histórica | Pluricelularidade, Morfoxenese e diferenciación.<br>Epixenese vs Preformación.<br>Desenvolvemento en mosaico e regulativo.<br>A Inducción.<br>Ontoxenia e filoxenia. |
| II. Gametoxenese e a activación do Desenvolvemento | Espermatoxenese.<br>Ovoxenese.<br>Fecundación.<br>Partenoxenese. |
| III. Desenvolvemento temprano | Segmentación<br>Gastrulación<br>Organización dos patrones corporáis<br>Neurulación cresta neural<br>Somitoxenese<br>Membranas extraembrionarias<br>Xestación e Placentación |
| IV. Mecanismos de Diferenciación e Organoxenese. | Desenvolvemento do Sistema nervioso e órganos dos sentidos<br>Desenvolvemento do músculo e as extremidades nos tetrápodos<br>Desenvolvemento do sistema circulatorio en vertebrados<br>Desenvolvemento do sistema uroxenital en vertebrados |
| V. Outros aspectos do Desenvolvemento | Principios del Desenvolvemento vexetal<br>Metamorfose y rexeneración<br>Interaccions do ambiente co Desenvolvemento<br>Mecanismos do Desenvolvemento no cambio evolutivo |
| Prácticas de Laboratorio | Observación e estudo comparado da espermatoxénese e ovoxénese.<br>Rexeneración en Turbelarios<br>Observación y estudio da fecundación en invertebrados<br>Observación do Desenvolvemento temprano en anfibios e peixes<br>Observación do Desenvolvemento temprano e organoxenese nas aves |

| Planificación | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **Metodoloxías / probas** | **Competencias / Resultados** | **Horas lectivas (presenciais e virtuais)** | **Horas traballo autónomo** | **Horas totais** |
| Actividades iniciais | A1 | 1 | 0 | 1 |
| Sesión maxistral | A1 B1 | 21 | 54.6 | 75.6 |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Discusión dirixida | A29 B1 B4 B6 B8 B10 B11 B13 | 7 | 24.5 | 31.5 |
| Prácticas de laboratorio | A4 A26 A30 A31 B13 | 15 | 15 | 30 |
| Proba mixta | A1 | 2.5 | 8 | 10.5 |
| Atención personalizada | | 1 | 0 | 1 |
| *Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado | | | | |

| Metodoloxías | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Actividades iniciais | Consiste nuhna sesión de presentación da asignatura donde exporase e explicarase o obxeto e obxectivos da materia, a súa estructuración, as actividades, os criterios de avaliación, etc... (todos eles contidos de xeito breve na guía docente), e donde o alumno/a poderá resolver calquera dúbida ou cuestión relativa aos mesmos |
| Sesión maxistral | As leccions teóricas serán de 50 minutos de duración e abordarán os temas correspondentes do programa e previstos no organigrama da asignatura, e que o/a alumno/a deberá ter leído con anterioridade nos textos recomendados. |
| Discusión dirixida | En cada sesión de seminario presentarase e discutirase entre todos os participantes un aspecto ou tema da materia planificado no organigrama. Os alumnos deberán preparar pola súa conta o tema ou parte do tema previsto e que o profesor poderá asignar. O profesor asistirá as dúbidas que poidan xurdir na elaboración do mesmo. |
| Prácticas de laboratorio | As prácticas representan o complemento indispensable ás leccions teóricas onde se abordan algúns dos procesos do desenvolvemento animal e se profundíza nalgún de eles. |
| Proba mixta | O exame será escrito e composto de preguntas de resposta breve sobre aspectos da asignatura tratados tanto nas leccións teóricas, seminarios e prácticas. |

| Atención personalizada | |
|---|---|
| **Metodoloxías** | **Descrición** |
| Discusión dirixida | O profesor asignará a cada alumno/a un tema ou aspecto particular dentro da temática xeral de discusión correspondente a cada seminario.<br><br>Por outra banda, o alumno/a é ceibe de consultar toda-las dúbidas xurdidas durante as sesións maxistrais e prácticas, e ademáis contará coa posibilidade de resolver calquera dúbida relacionada coa materia ou coas actividades nas tutorías personalizadas. |

| Avaliación | | | |
|---|---|---|---|
| **Metodoloxías** | **Competencias / Resultados** | **Descrición** | **Cualificación** |
| Proba mixta | A1 | O exame será escrito e consistirá en preguntas de resposta breve, realización de esquemas, definicións... | 70 |
| Discusión dirixida | A29 B1 B4 B6 B8 B10 B11 B13 | Para cada sesión de seminario o alumno/a deberá entregar ao profesor un breve resumo dunha páxina de extensión máxima das ideas principais do tema traballado. Na sesión de seminario, se discutirán entre todos os asistentes as ideas expostas en común. En cada seminario valorarase tanto a exposición das ideas de cada un como a discusión. Os 8 seminarios representarán o 30 por cento da cualificación final (cada seminario ten un valor de 0,375 puntos sobre 10). Non se valorarán os resumos que non foran presentados e defendidos na sesión do seminario. | 30 |
| Outros | | | |

| Observacións avaliación |
|---|

Non é preciso acadar nota mínima nos temas de discusión e/ou o exame para o cálculo da cualificación final. Nos exames da segunda convocatorias se terá en conta únicamente a nota da proba escrita na que se avaliarán os coñecementos derivados das sesións teóricas, prácticas e seminarios. Excepcionalmente,
no caso de que o estudante, por razons xustificadas (estudantes con dedicación a tempo parcial e dispensa académica ou circunstancias específicas de aprendizaxe e apoio á diversidade), non puidera realizar todas as probas de avaliación continua, o profesor adoptará as medidas que estime convintes para non dañar a súa cualificación.
Considerarase non presentado o alumno/a que non realizase a proba final de resposta breve.

| Fontes de información | |
|---|---|
| Bibliografía básica | - Gilbert, S.F. (2004, 2014). Biología del Desarrollo/ Developmental Biology. Panamericana/SINAUER<br>- Wolpert, L. (2010/ 2011). Principios del desarrollo/ Principles of Development. Panamericana/ Oxford University Press<br>ENLACES DE INTERÉS: Developmental Biology (8th Edition)The virtual embryoZygoteAmphibian embryology tutorial with QuickTime movies. Anatomy of the 24, 48, 72 and 120 hours Zebrafish (Danio rerio) Embryo. Developmental Biology ON LINE!. Fly Morph-o-genesis Medakafish developmental stage map. Stages of Zebrafish Development The Interactive Fly The Multi-Dimensional Human Embryo. I Embryo ImagesThe Visible Embryo Morphing EmbryosThe Xenopus Molecular Marker ResourceSociety of developmental biology |
| Bibliografía complementaria | - Browder L.W., Erikson C.A., and Jeffrey W.R. (1991). Developmental Biology. Saunders<br>- Kalthoff, K. (1996). Analysis of Biological Development. Mc Graw-Hill<br>- Müller A.W. (1997). Developmental Biology. Springer-Verlag<br>- Carlson, B.M (2000). Embriología Humana y Biología del Desarrollo.. Harcourt<br>- Gilbert S.F., Epel D (2009). Ecological Developmental biology. Sinauer |

| Recomendacións |
|---|
| Materias que se recomenda ter cursado previamente |
| Citoloxía/610G02007<br>Histoloxía/610G02008<br>Bioquímica I/610G02011<br>Bioquímica II/610G02012<br>Xenética/610G02019<br>Fisioloxía Animal I/610G02035<br>Fisioloxía Animal II/610G02036 |
| Materias que se recomenda cursar simultaneamente |
| |
| Materias que continúan o temario |
| |
| Observacións |
| Recoméndase a asistencia a toda-las sesións maxistrais así como a participación activa nos seminarios. He recomendable e moi positivo ter consultado o tema que se vai tratar con posterioridade nas sesiones Maxistrais, así como estudiar ao longo do curso de modo continuado para afianzar os coñecementos e poder entender mellor os novos contidos que se vaian tratando. |

**(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías**